

ACTA N° 09/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE MARZO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 1 de marzo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 07/10, do 15 de febreiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 103/10 de 26 de febreiro a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno no recoñecemento da obriga para a concesión dunha axuda de supervivencia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con

circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 236/2009 – D. EUGENIO GAYO CARBALLO presenta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar situada no barrio do Piñeiro-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 10 de decembro de 2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 25 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 14 de xaneiro de 2010 para ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédense 37,40M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 411,40 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie de parcela segundo medición técnica 367, 75 metros cadrados.

O proxecto queda modificado nos planos 2 e 3 por outros de idéntica numeración visados polo COAG ó 10 de xaneiro de 2010.

O proxecto cumpre coas normas do hábitat de Galicia.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenz condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

Á presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	2.424,84 €
Taxas licenza urbanística.....	303,10 €
Cartel de obra	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

3.B) EXPTE. 05/2010 – D. MIGUEL SANTOS FERNÁNDEZ ÁLVAREZ presenta estudo técnico para a conservación de cuberta en vivenda xa existente no barrio de Isamil, Meira, nº 344, redactado polo arquitecto técnico José Buceta Amoedo e visado no día 1 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 25 de febreiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autarización do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	95,15 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 235/2009 – D^a. MARÍA BEATRIZ IGLESIAS VERDE presenta proxecto de reparación e conservación de vivenda, limpeza de fachadas e reparación de ventás, en vivenda unifamiliar sita no lugar dos Ladrados, nº 87 do barrio de Abelendo, redactado por AR URMO ARQUITECTURA E URBANISMO MORRAZO, S.L.P., arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 03.12.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 24 de febreiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autarización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto, colocación de canalón e

baixantes, reparación de carpintería e así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	141,45 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- PARCELACIÓN

Visto o expediente instruído a instancia da seguinte interesada e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de finca, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- EXPTE. 201/09 - D.ª DOLORES ROSENDO FERNÁNDEZ e fillos, presenta proxecto de parcelación dun predio de 906,00 m², sito no barrio de Calvar, núm. 121, Domaio, en dous predios de 575,00 m² e 331 m², respectivamente, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado o día 05.12.2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal de data 25 de febreiro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza parcelación.

Solo urbano de As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 13/01/2010 resultan dúas parcelas "A" e "B" de 575,00 e 331,00 metros cadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se encravan segundo situación dos planos 1/5, 2/5 e 3/5 da documentación técnica visada ó 05/12/2008.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística.....	95,00€
-------------------------------	--------

5.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA

- EXPTE. 134/2009 – D. PABLO ESPINOSA DE SOTO presenta proxecto de cambio de cuberta de vivenda unifamiliar existente no barrio de Verdeal, nº 12-A,

Domaio, de conformidade co proxecto presentado, visado polo estudo de arquitectura Martín de Cominges, S.L.P, sendo o seu arquitecto D. Martín de Cominges, visado na data 23.06.09,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 25 de febreiro de 2010, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 134/09
PETICIONARIO:PABLO ESPINOSA DE SOTO
ASUNTO:CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR.
SITUACIÓN: VERDEAL. DOMAIO.

INFORME: **Non procede licenza.**

Require informes sectoriais da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo que resolve non autorizar o proxecto de cambio de cuberta na vivenda unifamiliar e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas por ser solo rústico.

Atendendo o disposto no Artigo 196.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia por ser procedente a autorización previa e favorable da Comunidade Autónoma, requisito que non se cumpre.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	610,66 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS

Vista a solicitude de D. José Luis Álvarez Souto, en calidade de administrador da entidade MONTE DO CON PROMOTORA, S.L. na que expón que por acordo do 16.03.07 se lle concedeu licenza para unha vivenda unifamiliar aillada na parcela 3 do Plan Parcial Monte do Con, e que a non remataron coa súa execución, polo que solicitan a renovación da licenza de obras nº 156/2006,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 25 de febreiro de 2010 que literalmente di:

Ante a petición formulada por **José Luis Alvarez Souto** en calidade de administrador da entidade **Monte do Con Promotora, S.L** titular dunha licenza (EXP.: 159/06) concedida en Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2007 para un Proxecto básico de vivenda unifamiliar, a teor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do

medio rural de Galicia procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.

Liquidación provisoria de tributos

Taxas por licenza urbanística (prórroga do expte. de obras 159/2006)..... 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acorda conceder a prórroga da licenza de obra nº 159/2006, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 36/05 – CANTHARELLUS MOAÑA, S.L.

Vista a instancia presentada o día 26 de outubro de 2007 por Don Ángel Rodríguez Pena como representante da empresa CANTHARELLUS MOAÑA, S.L., na que expón que é a nova titular do cafe-teatro cuxa licenza consta a nome de FRODOS MOAÑA, S.L. situado na avenida Méndez Núñez, 24, baixo, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 24 de febreiro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 24.02.10, en relación coa solicitude presentada por CANTHARELLUS MOAÑA, S.L. na data do 26.10.2007, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-TEATRO, sito na rúa Méndez Núñez, nº 24 baixo, pertencente a FRODOS MOAÑA, S.L. teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-TEATRO, sito na rúa Méndez Núñez, nº 24 baixo, pertencente a FRODOS MOAÑA, S.L. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 07.02.2005**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-TEATRO, sito na avenida Méndez Núñez, 24, baixo, pertencente a FRODOS MOAÑA, S.L., aprobada pola Xunta de Goberno Local de **data 07.02.2005**, a favor de **CANTHARELLUS MOAÑA, S.L.**

8.- CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO ENSANCHE DO VIAL DAS BARXAS A BERDUCEDO.

Vista a seguinte relación de persoas, titulares de terreos que ceden gratuíta e voluntariamente ao Concello para a construción de beirarrúas no ensanche do vial das Barxas a Berducedo (no tramo comprendido entre a Moca e a subida ás Pagonas), segundo os planos que acompañan, e cuxos nº de documento de identidade constan nos documentos de cesión, e visto que a cesión está condicionada a que se repoñan os bens afectados por dita obra:

TITULAR	ENDEREZO	SUPERFICIE
D. ^a María Mercedes Matos Penedo	Pozonegro, 65	70,2523 m ²
D. Manuel Blanco Varela	Pozonegro, 70	47,9918 m ²
D. ^a Nieves Seoane Pérez	Pozonegro, 41	47,9918 m ²
D. ^a Amelia Sa Sequeiros	Pozonegro, 66	38,8566 m ²
D. ^a María Teresa Martínez Pérez	Pozonegro, 39	38,8901 m ²
D. ^a M. Elena Seoane Pastoriza	Pozonegro, 54	52,5701 m ²
D. ^a Julia Seoane del Río	Pozonegro, 55	56,9974 m ²
D. José Santomé Martínez	Pozonegro, 63	46,513 m ²
D. Manuel Seoane Pastoriza	Paradela, 58	47,9918 m ²
D. ^a Julia Seoane del Río	Pozonegro, 55	41,4349 m ²
D. Benito González Iglesias	Berducedo, 68	9,3964 m ²
D. ^a Carmen Ferverza Seoane	Pozonegro, 63	25,8382 m ²
D. ^a María del Carmen Jalda de Sa	Pozonegro, 37	20,7437 m ²
D. ^a María Filomena Pastoriza Jalda	Moca, 35	11,8961 m ²
D. José Ramón Maya Santomé	Pozonegro, 63	17,6196 m ²
		15,1191 m ²
D. ^a María Mercedes Matos Penedo	Pozonegro, 66	31,6798 m ²
D. José Chapela Álvarez	Pozonegro, 36	12,9902 m ²
D. Celestino Gallego Pastoriza	Concepción Arenal, 32	8,0877 m ²
		41,7881 m ²
D. ^a Nieves Seoane Pérez	Pozonegro, 41	31,8826 m ²
		40,4685 m ²
		18,0599 m ²

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar as cesións que aparecen na relación, con compromiso de reposición dos bens

afectados por dita obra, e computándolles a superficie cedida para os efectos de edificabilidade.

9.- BASES DE APOIO DO CONCELLO ÁS INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO

Vista a proposta da Alcaldía do 26 de febreiro de 2010, que textualmente di:

O programa de apoio a Iniciativas Locais de Emprego é un programa da Xunta de Galicia que subvenciona a fondo perdido proxectos empresariais innovadores, xeradores de emprego e viables dende o punto de vista técnico, económico e financeiro. Ademais, para que un proxecto empresarial poida ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego pola Xunta de Galicia, esta require que o proxecto estea apoiado pola administración local de carácter territorial onde vaia ter a súa sede social.

Á vista do incremento nos últimos anos do número de proxectos empresariais que solicitan o apoio do Concello de Moaña, de cara á súa cualificación como Iniciativa Local de Emprego pola Xunta de Galicia, faise necesario regular polo miúdo as bases polas que se rexerá o apoio deste Concello as Iniciativas Locais de Emprego.

Polo anterior

PROPOÑO:

1) Aprobar as bases polas que se rexerá o apoio do Concello de Moaña a Iniciativas Locais de Emprego.

1.1. Para que o Concello de Moaña preste o seu apoio a un proxecto empresarial este deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- Proxectos empresariais que vaian ter a súa sede social no territorio do Concello de Moaña.
- Proxectos empresariais innovadores, nos que a produción de bens e servizos estea relacionada con actividades económicas emerxentes na zona ou que, dentro dunha actividade tradicional na zona, cubra necesidades non satisfeitas na estrutura existente.
- Que se trata de empresa privada de nova creación.
- Proxectos que xeren polo menos un posto de traballo estable para unha persoa desempregada.
- Proxectos nos que o cadro de persoal previsto, ao constituírse en empresa, non sexa superior a vintecinco traballadores.
- Proxectos empresariais que reúnan condicións de viabilidade técnica, económica e financeira. Este requisito será comprobado mediante a elaboración dun plan de viabilidade redactado pola axente de emprego do Concello de Moaña en colaboración cos promotores do proxecto.

1.2. O apoio do Concello de Moaña aos proxectos empresariais que reúnan as anteriores condicións manifestarase da seguinte forma:

- Prestarase a cada proxecto unha pequena axuda económica de 120 euros.
- Poñeranse ademais a disposición do promotores do proxecto os recursos materiais, infraestruturas ou servizos que favorezan a posta en práctica ou xestión inicial do negocio e que o concello estime oportunos en función do proxecto de que se trate (gratuidade de fotocopias durante os trámites de posta en marcha da empresa, asesoramento técnico, exención de determinadas taxas, cesión durante a posta en marcha da empresa de determinados equipamentos...).

2) O apoio do Concello de Moaña a cada proxecto empresarial deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno, previa solicitude dos promotores do proxecto dirixida ao Sr. Alcalde e acompañada dun estudo de viabilidade técnica, económica e financeira asinado pola Axente de Emprego do Concello de Moaña.

- 3) **En todo caso o apoio do Concello de Moaña, queda condicionado ao feito de que este proxecto empresarial sexa cualificado como I.L.E. pola Xunta de Galicia.**

A primeira medida de apoio do Concello (axuda económica de 120 euros) aplicarase unha vez que a empresa estea cualificada como ILE e constituída legalmente, feito que os promotores deberán demostrar mediante a presentación de copias compulsadas da resolución de cualificación como Iniciativa Local de Emprego, altas na Seguridade Social dos promotores e alta no Imposto de Actividades Económicas da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases que rexerán o apoio do Concello de Moaña ás iniciativas locais de emprego (ILEs), e derrogar as bases anteriores.

10.- LIQUIDACIÓN CANON BAR RESTAURANTE “O BEQUE”

Visto o informe da tesoureira municipal, que logo de referir a lexislación e normativa examinada, indica o seguinte:

O 6 de setembro do ano 2006 formalizouse o contrato de consultoría e asistencia pola modalidade de procedemento negociado sen publicidade sobre o Bar Restaurante o Beque entre o Concello de Moaña e a que resultou adjudicataria, D^a Rosa Ana Villar Rodríguez(NIF 76872992T)con base no acordo de adjudicación recollido na Resolución de Alcaldía do día 4 de setembro do ano 2006.

O obxecto do contrato consistía na prestación do servizo de bar-restaurante do camping municipal do Beque e o prazo de vixencia serían dous anos naturais dende a sinatura do contrato cunha prórroga de dous anos como máximo.

A liquidación correspondente, que consistía, segundo a cláusula 3^a do contrato e o apartado cuarto do prego de cláusulas administrativas e técnicas, nun canon anual de 1.000 euros referido á primeira anualidade de vixencia do contrato, incrementado nas sucesivas anualidades na porcentaxe que sinale o Índice de Prezos ao Consumo vixente ou aquel que no futuro o substitúa, producíndose o devengo no momento de formalización do contrato.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de Xullo de 2008 aprobouse a liquidación do período comprendido entre o 6 de setembro de 2006 e o 6 de setembro de 2007, notificándose ao interesado o día 22 de agosto de 2008.

O día 5 de setembro produciuse o ingreso dos 1.000 euros correspondente ó período antes sinalado no departamento de Recadación con número de recibo 092091.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de novembro de 2008 aprobou se a liquidación do período comprendido entre o 6 de setembro de 2007 e o 6 de setembro de 2008, por importe de 1.045 euros, notificándose ó interesado o día 18 de decembro de 2008. Na contabilidade municipal non consta o ingreso desta última cantidade.

Procede neste momento efectuar a liquidación correspondente ó período comprendido entre 6 de setembro de 2008 a 5 de setembro de 2009, se ben agora o canon de 1045 euros deberá actualizarse co IPC correspondente, cumprindo así co estipulado no contrato e cos parámetros legais.

O IPC correspondente ao período sinalado e do -1% polo que o canon actual a liquidar sería de **1034,55 euros**.

Conclusión

A vista do anterior se somete a consideración da Xunta de Goberno Local a **aprobación da liquidación correspondente ó canon pola explotación do Bar Restaurante o Beque relativa ó período comprendido entre o 6 setembro de 2008 e o 5 setembro de 2009, por importe de 1034,55 euros**, a cargo da adxudicataria Rosa Ana Villar Rodríguez (NIF 76872992T). Asímesmo, a efectos de interromper a prescrición do dereito correspondente ó canon do período 2007-2008, por importe de 1.045 euros, sería convinte incluír na notificación do acordo que se produza o requirimento de pagamento de tal cantidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a liquidación correspondente ao canon pola explotación do Bar Restaurante do Beque relativo ao período comprendido entre o 06.09.08 e o 05.09.09, por importe de **1034,55 euros** á adxudicataria D.^a Rosa Ana Villar Rodríguez (NIF 76.872.992 T) e requirila para que proceda ao pagamento do canon de dita explotación correspondente ao período 2007-2008, por importe de **1.045 euros**.

11.- ALTA E MODIFICACIÓN DE TARIFA DE USUARIOS DA LUDOTECA.

Visto o informe do 26 de febreiro de 2010 emitido pola coordinadora da Ludoteca en relación á solicitude que se recibiu para a admisión dun neno no servizo da Ludoteca municipal, feita pola súa representante (nai), así como a tarifas que lle correspondería en función da ordenanza municipal, e da modificación da tarifa asignada ao seu irmán, xa usuario da ludoteca,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda.

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca á seguinte usuaria, con indicación do seu nome, o nº de socio, tarifa que lles corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

Socia 204	André Piñeiro Táboas	Art. 4 Epgr. 3º a 78.735.292 I
	NIEVES TÁBOAS COUSO (nai)	

Segundo: Modificar a tarifa asignada ao seu irmán, xa usuario:

Socio 41	Xián Piñeiro Táboas	Art. 4 Epgr. 3º a 78.735.292 I
	NIEVES TÁBOAS COUSO (nai)	

Art. 4 Epgr. 3º a: usuarios relacionados entre si por vínculos de 1º grao de consanguinidade: 75% da tarifa normal

Terceiro: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

12.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN Nº 1 DE CONTRATO DE OBRAS “SANEAMENTO DA COSTA GRANDE (BERDUCEDO)”

En data de 30 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)” á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A., por importe de OITENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CENTIMOS (76.746,89 + 12.279,50 EUROS de IVE) un prazo de execución de tres meses, e un prazo de garantía de 12 meses.

Figura no expediente Proxecto de modificado nº 1 redactado polo Redactor do proxecto e Director de Obra o 8 febreiro de 2010. No Orzamento do modificado non se recolle alteración do prezo total do contrato inicialmente previsto.

En Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2010, acordouse iniciar expediente de modificación do contrato da obra referida, e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificado da obra.

En data 26 de febreiro de 2010, o contratista presenta escrito de conformidade ca modificación técnica do Proxecto da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)”.

Visto o informe da Secretaría.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)”, e o modificado nº 1 do Proxecto redactado polo Redactor orixinario do proxecto e Director de Obra o 8 febreiro de 2010, en base ás circunstancias sinaladas.

SEGUNDO.- Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación.

13.- RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

En data 26 de xaneiro de 2009 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCIENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído.

En data 11 de marzo de 2009 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

En data 1 de setembro de 2009, o Director Facultativo da obra emite informe sobre o estado de paralización da mesma.

Á vista do tempo transcorrido e atendendo ao prazo de execución das obras previsto no contrato, 6 meses a partir do da seguinte ao de subscripción da acta de comprobación do replanteo, o Concello acordou requirir da empresa TECODE GALICIA S.A.L., adxudicataria da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” para que procedese ao reinicio das obras con carácter inmediato, co apercibemento de que de non acometerse o requirido, o Concello, procedería ao inicio do expediente de resolución contractual por demora no prazo de execución dos traballos conforme ao prazo previsto no contrato.

Consta no expediente a presentación das certificacións de obra 1 e 2 por importe de 6.958,55 e 0 euros respectivamente.

O requerimento, foi notificado, logo de tentarse mediante correo ordinario, mediante burofax en data 5 de outubro de 2009.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedentes, e, como órgano de contratación, de conformidade cos artigos 196 e 197 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en data 30 de novembro de 2009, acordou iniciar expediente de resolución do citado contrato, acordando a emisión de informes e posterior concesión de un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o oportuno respecto da proposta de resolución do contrato por incumprimento nos prazos de execución previstos no contrato, proposta a emitir logo dos citados informes.

En data 2 de decembro de 2009, a Secretaría Municipal emite informe sobre a resolución do contrato.

En data 28 de decembro de 2009, o Director Facultativo da obra e o Arquitecto Técnico Municipal emiten informe, logo da comprobación e medición pertinente, sobre obra efectivamente executada pola empresa a efectos da liquidación do contrato. Na mesma se determina como total certificado 8.266,32 euros, derivados de aplicar ao importe de 6.958,55 euros, os gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

Á vista dos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de xaneiro de 2010 acordou remitir á empresa adxudicataria e á entidade avalista do contrato a presente proposta de resolución de contrato, concedendo un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que alegasen e no seu caso presentasen os documentos e xustificacións que estimasen pertinentes á proposta de resolución.

A notificación á empresa contratista practicouse mediante burofax. Paralelamente tramitouse notificación do adxudicatario mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia e publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Marín.

En data 5 de xaneiro de 2010, recíbese no Concello escrito do Administrador Concursal designado polo Xulgado do Mercantil nº1 de Pontevedra, requirindo do Concello o ingreso da débeda do Concello ca empresa TECODE GALICIA S.L. por importe de 8.266,32 euros, en vista do cal igualmente se traslada ao Administrador Concursal proposta de resolución do contrato.

No prazo de alegacións concedido á entidade contratista, entidade avalista e administrador concursal, non se presenta ninguna.

Á vista de todo o exposto, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Resolver o contrato de obra “Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro” adxudicado á empresa TECODE GALICIA S.A.L., contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno deste Concello en data de 26 de xaneiro de 2009, á vista do tempo transcorrido sen que se reiniciasen as obras e o prexuízo que a demora na execución está a causar a este Concello.

SEGUNDO: Aprobar a certificación ordinaria nº 1 de data 1 de abril de 2009 por importe de 6.958,55 €, a certificación ordinaria nº 2 de data 1 de maio de 2009, por importe de 0,00 €, da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro”.

TERCEIRO: Aprobar o pago da liquidación conforme á comprobación e medición efectuada da obra executada, por importe de 8.266,32 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4510.622.01 do vixente Orzamento Municipal. O pago haberá de efectuarse na conta corrente da Caixanova habilitada ao efecto no concurso abreviado nº 485/2009, Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra.

CUARTO: Proceder a incautación da garantía definitiva da obra “Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro” formalizada mediante aval do Banco Sabadell, dando traslado á Tesourería Municipal para que proceda ao mesmo.

14.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA DE MOAÑA”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” pertencente ao Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local e redactado polo Arquitecto D. Javier Rial Lemos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” redactado polo Arquitecto D. Javier Rial Lemos, e que conta cun importe de execución por contrata de CIENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (112.074,66 euros). (96.616,09 euros + 15.458,57 euros de IVE).

15.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” pertencente ao Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local e redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS DOCE MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (512.283,65 euros). (441.623,84 euros + 70.659,81 euros de IVE).

16.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “OBRAS DE REFORMA INTERIOR NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE TIRÁN, QUINTELA E O REAL (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)” pertencente ao Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de CORENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS E NOVENTA E UN CÉNTIMOS (45.296,91 euros). (39.049,06 euros + 6.247,85 euros de IVE).

17.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” pertencente ao Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS E OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (75.540,83 euros). (65.121,41 euros + 10.419,43 euros de IVE).

18.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

18.A) A vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte conexión:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
Rosa Sonia Solla Riobó	Saneamento, uso doméstico	A Rotea, 113 -Quintela	Dº saneamento..... 180	Aqualia Técnico
Gonzalo Riobó Costa	Saneamento, uso doméstico	Concepción Arenal, 7 – 2 esq.	Dº saneamento..... 180	

18.B) Dáse conta das seguintes solicitudes de conexión á rede de saneamento que achegan copias das facturas do servizo que xa usan:

- Pedro Riobó Costa, conexión na Rúa Concepción Arenal 7, 1º D.
- Benxamín Riobó Sanluis, conexión na Rúa Concepción Arenal 7, baixo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, queda enterada desas conexións á rede de saneamento.

18.C) O concelleiro delegado do servizo, indica que na Xunta de Goberno Local de data 30.11.09 autorizouse a conexión á traída de auga a D.^a María Lilia Rodríguez Malvido para auga de obra en Casal nº 26 por ter aportado licenza de obra. Como pagara 20 euros, acordouse autorizar a conexión previo depósito da cantidade restante da fianza e que ascendía a 130 euros.

Indica o concelleiro que a veciña achegou a copia da licenza de primeira ocupación, e por iso propón que se modifique o acordo tomado o 30 de novembro e que se autorice a conexión de auga para uso doméstico, para o cal a tramitación xa estaría completa, xa que consta que están pagadas as taxas por dereitos de conexión (60 euros) e depositada unha fianza de 20 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda deixar sen efecto o acordo do 30.11.09 pola que se autorizaba a conexión á rede de abastecemento a D.^a María Lilia Rodríguez Malvido para auga de obra, e autorízala para uso doméstico, en Casal nº 26.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:00 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.